

#concellosgalegos #PoloBoTrato

A liberdade, a seguridade e a integridade, son dereitos inherentes ao ser humano incuestionables e, como tales, non poden limitarse por circunstancias temporais ou espaciais nin tan sequera pender de ningún criterio, moito menos, pola condición de xénero.

A natureza esencial destes principios obriga a que non baste con que sexan respectados; deben estar garantidos sen fisuras cos medios legais e económicos precisos e coa defensa sen concesión por parte da sociedade –auténtica titular do poder nun sistema democrático-, que debe esixir que isto sexa así.

Con motivo deste novo 25 de novembro, **Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres**, a Federación Galega de Municipios e Provincias, manifesta a firme convicción e determinación das Entidades Locais galegas para erradicar calquera tipo de maltrato sobre as mulleres, os seus fillos e fillas e achegados e achegadas, vítimas todas do machismo, xa que o maltratador leva por medio a quen considere con tal de que ela sufra.

Ademais da física, repudiamos calquera outra forma de agresión machista: psicolóxica ou emocional, sexual, económica, acoso, vexación... tanto no eido persoal como laboral.

Dende o municipalismo facemos un chamamento á responsabilidade común, tanto de institucións como de cidadanía, no problema da violencia de xénero. Ninguén pode mirar para outro lado. Cadaquén debe asumir a súa responsabilidade no problema e na solución do mesmo. Cómpre reflexión sincera por parte de todos e todas e acción conxunta.

Unha vez máis as Entidades Locais comprometemos traballo arreo, sen escatimar esforzos nin medios dentro das nosas posibilidades, priorizando ás políticas e medidas contra a violencia de xénero fronte calquera tipo de maltrato e facilitando e fomentando a colaboración do resto das administracións e cidadanía.

Apostamos pola información e concienciación dos dereitos e ferramentas aplicables para cada situación, facendo o que estea na nosa man tanto no noso espazo como fóra del, para que quen os precise acceda a eles.

A Fegamp pide tamén, en nome das Entidades Locais galegas, os medios necesarios para o labor e que se afaste esta loita da pugna ideolóxica, porque non cabe ningún tipo de negación desta cruel realidade e que no punto de mira de todos e todas só deben estar a liberdade, a seguridade e a integridade para todas as persoas.

Os concellos queren lanzar, por último, unha mensaxe de esperanza e forza para todas estas mulleres que están a sufrir a violencia machista e a calquera que sufra o maltrato de xénero. Lembrámoslles que non teñen porque toleralo baixo ningunha forma e que estamos ao seu carón para axudalas a saír. Animamos por tanto ás vítimas e a calquera que teña coñecemento dalgún caso a dar o paso para pór fin á inxustiza. Contan connosco.

Poñemos a disposición e alentamos a facer propio o noso **Decálogo #PoloBoTrato:**

1. Empregar linguaxe libre de connotacións sexistas.
2. Integrar a perspectiva de xénero nas nosas decisións.
3. Difundir unha imaxe non sexista da muller.
4. Traballar na prevención da violencia machista e promoción dos valores de igualdade e respecto entre toda a poboación, especialmente a máis nova.
5. Fomentar a ética e a co responsabilidade nas tarefas e o coidado tanto de menores como de persoas dependentes.
6. Identificar e emendar as posibles deficiencias que atopemos a nivel municipal na loita contra a violencia cara ás mulleres.
7. Respetar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, e a igualdade de oportunidades no cadro de persoal.
8. Promover unha representación equilibrada de mulleres e homes en todos os ámbitos de actuación municipal.
9. Rexeitar a contratación de actividades nas que se ofrezan unha imaxe sexista da muller.
10. Prestar especial atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade.